

UGO FOSCOLO

Últimas cartas de Jacopo Ortis

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

DENDE OS OUTEIROS EUGANEOS,
11 DE OUTUBRO DE 1797

Consumouse o sacrificio da nosa patria; todo está perdido³. A vida, se acaso nola conceden, só nos servirá para chorar as nosas desventuras e a nosa infamia. Sei que o meu nome figura na listaxe dos proscritos, mais, queres

³N. da T. Para comprender o discurso de Jacopo cómpre remitirse ao contexto histórico. En 1748 a Guerra de Sucesión Austríaca rematou co Tratado de Aix-la-Chapelle, de acordo co cal Austria, Francia e España repartían a súa hexemonía sobre o territorio italiano. A Revolución francesa tivo unha importante repercusión en Italia, pois supuxo a entrada de novas condicións e novas ideas. En 1796 Napoleón cruzou os Alpes á cabeza do exército francés e ocupou as cidades máis importantes do norte de Italia, un triunfo que favoreceu o apoio recibido por parte dos liberais italianos que vían en Napoleón un abandeirado dos ideais da revolución burguesa, entre eles o propio Foscolo, autor da oda «A Bonaparte, il liberatore» (1897). A posterior derrota dos franceses obrigou a ceder importantes territorios aos austríacos, entre eles a República de Venecia, tras a firma do Tratado de Campoformio, asinado en outubro de 1797, escasos meses despois do armisticio de Leoben, que supuxo tamén a fin da chamada Guerra da Primeira Coalición (na que distintas monarquías europeas uniron esforzos en oposición á Revolución francesa), se ben aínda habería conformarse unha Segunda e mesmo unha Terceira Coalición nos anos posteriores co obxecto de frear o avance do mandatario galo e disolver a súa influencia na contorna. A chamada «traición» de Napoleón completárase mediante unha interminable serie de invasións que remataron co Congreso de Viena (1814-1815). Co fin de darlle unha orientación máis política á súa obra, e dentro dun intenso proceso de corrección das diversas edicións que deu a coñecer, Foscolo cambiou a data desta carta. Na edición de Boloña (1798) figuraba o 3 de setembro de 1797 e na de Milán (1802), o 2 de outubro, mentres que na definitiva (Londres, 1817) vai encabezada polo 11 de outubro, data na que Bonaparte acudiu a Udine para firmar o tratado cos austríacos.

que para salvarme de quen me oprime me entregue a quen me traizoou?⁴

Consola a miña nai: vencido polas súas bágoas, obedecina e deixei Venecia para evitar as primeiras persecucións, as máis feroces e encarnizadas. Emporiso, te-rei que abandonar tamén esta miña soidade antiga, onde aínda podo esperar uns días de paz sen perder de vista o meu infortunado país? Contúrbasme, Lorenzo: cantos son pois os desventurados? E nós, os mesmos italianos, lavamos as mans no sangue doutros compatriotas. Sexa o que teña que ser. Des que desesperei da miña patria e de min, agardo con tranquilidade a prisión e a morte. Cando menos, o meu cadáver non caerá en mans estranxeiras, o meu nome será humildemente chorado polos poucos homes bos, compañeiros de miserias, e os meus ósos repousarán na terra dos meus devanceiros.

13 DE OUTUBRO

Prégocho, Lorenzo; non discutas máis. Acordei non afastarme destes outeiros. É certo que lle prometera á miña nai refuxiarme en calquera outro lugar, pero non tiven azos, e agardo que me perdoe. Ademais, paga a pena conservar esta covarde vida de exilio? Cantos dos nosos concidadáns xemerán arrepentidos lonxe das súas casas! Que poderíamos esperar nós se non indixencia e desprezo, ou ben, breve e estéril paixón, único alivio que as nacións incivilizadas lle ofrecen ao prófugo estranxeiro? Pero, onde buscarei asilo? En Italia, terra prostituída, permanente galardón da vitoria? Podería ficar en

⁴N. da T. Tras a caída de Napoleón, en 1815, Foscolo tamén preferiu o exilio a Suíza ao sometemento ao goberno austríaco.

